



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE “CD ARENTEIRO” PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN S E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023.

O Carballiño, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde - Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **D. Argimiro Marnotes Fernández**, en representación da Entidade “**CD ARENTEIRO**” con CIF **V32027757** con domicilio principal na instalacións deportivas do Espiñedo na estrada de Cabanelas s/n do Carballiño e actuando en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

- I. Que o club deportivo “**CD ARENTEIRO**” está adicado á promoción, fomento e á competición deportiva dentro do deporte do fútbol sendo a comarca do Carballiño onde desenvolve a súa actividade que a parte do carácter competitivo desenvolve a tarefa da formación e o ensino do deporte do fútbol nas categorías base contando cun número considerable de nenos e nenas que practican este deporte, sendo este un club de referencia a nivel autonómico.

Que o Concello considera que o labor que realiza este club é primordial para o desenvolvemento desta disciplina deportiva e unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, en continua colaboración coas actividades municipais.

É de interese público, o cal supón unha promoción das actividades deportivas, a través do deporte do fútbol.

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.

As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2023** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
341.11 480.01	CD ARENTEIRO	85.000,00 €

- VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establecece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓN S.

- VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.





Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva competitiva do club:

“Gastos de actividades de fomento do deporte e a práctica deportiva, para a participación en competicións oficiais e o desenvolvemento de actividades deportivas durante a tempada 2022/2023. Mantemento das Instalacións”

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **85.000 €**, (oitenta e cinco mil euros) que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 “Transferencias correntes” do “subprograma 341.11, Promoción e fomento do deporte”, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o *exercicio económico 2023*.

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

Este acordo contempla a execución de actividades deportivas durante a tempada 2022 - 2023, que comprende o período que vai entre 1 de agosto de 2022 ata ó 31 de xullo de 2023 que se inclúen dentro da partida orzamentaria do ano 2023.

4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.

Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.





Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Concello comprobará de oficio que a Entidade non ten débedas pendentes coa facenda local.

Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.

Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.

Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.

Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Á vista da documentación aportada polo beneficiario, e dado que o Concello non vai subvencionar os premios en metálico, o importe do gasto subvencionable ascende a **322.200,00 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo **85.000,00 €**, esta representa un **26,38 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores ós da documentación aportada minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

b) O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:

- *Gastos derivados da propia competición (transporte, fichas federativas, mutualidade dos xogadores, pagos de arbitrxes, nóminas e seguridade social dos xogadores, etc).*
- *Outros gastos correntes habituais relacionados co desenvolvemento da actividade (asistencia a cursos de formación, gastos de imprenta, publicidade, etc.)*
- *Gastos de mantemento das instalacións deportivas así como pequenas reparacións das instalacións, vestiarios, terreo de xogo, etc....*
- *Gastos correntes das distintas categorías da Escola Municipal de Fútbol do Concello do Carballiño, (nóminas e seguridade dos monitores, licenzas federativas, mutualidade dos futbolistas, material e outros gastos).*





7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o abono da subvención outorgada.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:

- Memoria detallada das actividades realizadas financiadas coa subvención e dos resultados obtidos.
- Memoria económica que conste dunha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable), e con identificación do acredor e do número de documento, concepto, importe e data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (nóminas, recibos de liquidación, cartas de pago, etc.). Así como os documentos bancarios nos que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento das mesmas.

So se admitirán pagos en metálico conforme ó que dispoñen as Bases de Execución do Orzamento do Concello do Carballiño para 2023 que a continuación se reproduce literalmente: *“Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberá constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibe o pagamento. En ningún caso, os pagos en metálico poden exceder de 300 € por cada provedor e de 1.000 € en cómputo global da subvención outorgada.”*

Excepcionalmente, no caso de que a entidade non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos antes da xustificación, e previa declaración responsable para tal efecto, non será preciso acreditar o pagamento na presentación da conta xustificativa, concedéndolle un prazo a partir da recepción dos fondos para acreditar o pago das facturas.

Non obstante, no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do/a beneficiario/a.

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño. Se non se acredita a publicidade, procederase a minoración da axuda concedida, polo importe determinado no presente convenio.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día **30.09.2023**.

8. FORMA DE PAGO.

Poderase conceder **un anticipo de ata o 85 %** da subvención concedida, despois da sinatura do presente acordo e a súa publicación na BDNS, e trala presentación da solicitude/instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago do anticipo da subvención no número de conta corrente indicada baixo a presentación de certificación bancaria e acreditando estar o corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O pago da cantidade restante farase unha vez a entidade teña xustificada debidamente a totalidade da subvención tal e como se expón na cláusula 7 deste convenio.





Este club ó ter carácter competitivo poderá imputar gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (Exercicio_2023), pero sempre dentro do período da tempada competitiva que como xa reflectimos anteriormente comprende dende 1 de agosto do ano 2022 ó 30 xuño do presente ano 2023.

9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015).

11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2023.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ó principio indicados.

O ALCALDE

Asdo.: Francisco José Fumega Piñeiro

O PRESIDENTE DA ENTIDADE CD ARENTEIRO

Asdo.: Argimiro Marnotes Fernández

